

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A ELABORACIÓN DUN PROTOCOLO COMÚN EN MATERIA DE ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO AO ESTUDANTADO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente , así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 85 dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Doutra parte, D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, nomeado por Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia, no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia.



E doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, en nome e representación dela en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 110/2022, do 9 xuño, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro.

Recoñecéndose mutuamente a capacidade legal para subscribir o presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro. Que a Consellería de Sanidade ten entre as súas competencias a promoción da saúde pública, a prevención dos trastornos adictivos e a coordinación de políticas transversais que melloren os determinantes sociais, ambientais, educativos e comunitarios que afectan á saúde da poboación. A Consellería de Sanidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de saúde, atribuídas á Comunidade Autónoma polo Estatuto de autonomía de Galicia. Igualmente asume a dirección do Sistema público de saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na que se inclúe a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Segundo. Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Terceiro. A saúde mental na xuventude é un tema cada vez máis relevante e fonte de preocupación, tanto para as familias coma para as administracións públicas e educativas. No entorno universitario a xuventude enfronta condicións socioambientais que poden afectar ao seu benestar mental (abandono do fogar, convivencia con outros iguais, responsabilidades da etapa adulta, cambios no entorno, nas relacións próximas, etc).



As experiencias vividas durante este tempo representan tamén un desafío para as institucións, que deben actuar en múltiples aspectos para aliviar esta situación, que afecta a preto dunha cuarta parte da poboación estudantil.

Cuarto. Cómpre considerar que no camiño dos estudos universitarios, especialmente ao comezo, a xuventude enfróntase a unha serie de factores de protección e risco. A personalidade e a influencia de variables bio-psico-socio-culturais xogan un papel clave no éxito ou fracaso nesta etapa descoñecida para moitos.

Para facer fronte ás situacións vitais e académicas complicadas, a xuventude adoita utilizar roles defensivos e ferramentas como a esperanza, a coraxe, a tenacidade, a resiliencia e a empatía. Os factores de risco poden incluír desde a elección de cursos e materias, a competitividade, o acoso até o inicio de novas relacións persoais.

Ante isto, as institucións deben proporcionar un ambiente acoledor e os recursos adecuados que teña en conta o estado anímico e intelectual do estudantado, tendo sempre presente que un dos obxectivos fundamentais é velar pola integridade dos/as estudantes universitarios/as.

Quinto. Adoita suceder que as institucións académicas se centren principalmente no éxito académico e no logro de metas formativas; porén, é fundamental recordar que o benestar psicolóxico resulta determinante para o desenvolvemento integral da persoa e o seu éxito laboral futuro.

Por tanto, é de vital importancia desenvolver unha conciencia sobre os trastornos e malestares que afectan á saúde mental. Se se consegue integrar o marco psicolóxico nos intereses das institucións, evítase a estigmatización dos trastornos mentais e garantíase un desenvolvemento adecuado dos/as estudantes na súa vida académica, xa que se lles procuramos as ferramentas para unha saúde mental sólida, poden afrontar desafíos con resiliencia, manter unha concentración adecuada e ter unha maior capacidade para superar obstáculos no seu camiño cara a vida profesional.



Sexto. Por outra banda, a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, recolle a importancia da saúde emocional do estudiantado e, por extensión, de toda a comunidade universitaria.

Así, o seu artigo 23 (dereitos relativos á formación académica) reconece o seu dereito ao coidado da saúde mental e emocional, nos termos dispostos pola normativa universitaria.

Por outra banda, o artigo 43 determina que as universidades contarán con servizos de saúde e acompañamento psicolóxico, dotados con recursos humanos e económicos suficientes.

Sétimo. Que ambas partes consideran imprescindible afrontar os retos da saúde mental no entorno universitario desde unha perspectiva integral, que atenda conxuntamente os diferentes determinantes da saúde, segundo os principios da saúde comunitaria e da equidade.

Oitavo. Para tal efecto, as partes consideran de interese establecer unha colaboración que se plasmará nun protocolo común en materia de acompañamento psicolóxico ao estudiantado, como ferramenta útil e transversal, en colaboración coas autoridades sanitarias competentes, de xeito que se asegure non só a correcta atención á poboación, senón, cando sexa preciso, a necesaria continuidade asistencial nos recursos sanitarios e comunitarios dispoñibles.

Noveno. O proxecto está aliñado co Plan de Acción Saúde Mental 2025-2027, no eixo Liña 5: Abordaxe de problemas de saúde mental en contextos e colectivos de maior vulnerabilidade. O carácter estratéxico e transversal deste proxecto sitúa a intervención como unha potencial boa práctica en promoción da saúde e prevención.

Por tanto, e dadas as especiais condicións do proxecto, o seu carácter transversal, así como a especialización que require, non resulta posible promover a concorrencia, polo que as partes coinciden na necesidade de establecer un marco de colaboración para desenvolver esta acción de saúde no ámbito universitario, e a tal efecto subscriben o presente convenio que someten ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer as condicións de colaboración entre as partes en materia de acompañamento psicolóxico ao estudantado, que se plasmará nun protocolo común, como ferramenta útil e transversal, en colaboración coas autoridades sanitarias competentes, de xeito que se asegure non só a correcta atención á poboación, senón tamén a necesaria continuidade asistencial nos recursos sanitarios e comunitarios dispoñibles cando así sexa preciso. Esta colaboración poderá plasmarse así mesmo en diferentes actividades de difusión e divulgación, todo elo de acordo co plan de traballo e accións previstas no anexo do presente convenio.

SEGUNDA.- Compromisos do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos.

- Facilitar apoio técnico a través dos servizos de saúde mental da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- Participación na elaboración técnica do protocolo.
- Colaborar no financiamento do proxecto nas condicións previstas neste convenio.

TERCEIRA.- Obrigacións dos beneficiarios.

As universidades interviñentes comprométense a cumprir coas obrigacións que o artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e asumen os seguintes compromisos:

- Aportar os medios persoais e recursos necesarios para a elaboración do Protocolo, segundo os principios e directrices establecidos polo Servizo Galego de Saúde.
- Establecer a colaboración e coordinación necesaria coas autoridades sanitarias, a fin de que o protocolo contemple a súa integración con outros recursos do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxecto de garantir a debida continuidade asistencial, cando fose necesario.
- Entrega das memorias técnicas das actuacións realizadas, segundo se detalla no presente convenio.
- Citar a colaboración do Servizo Galego de Saúde no documento final que resulte desta colaboración.
- As universidades prestaranlle colaboración e facilitaranlle tanta documentación sexa



requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

CUARTA.- Financiamento

Para o financiamento do convenio prevese unha achega máxima de vinte mil euros (20.000,00€) para cada unha das 3 universidades, en total sesenta mil euros (60.000,00€), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 5001.413A.640.02, código de proxecto 2021 00001, dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025, na que existe crédito axeitado e suficiente.

QUINTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

SEXTA.- Subcontratación

Cando sexa necesario, as actividades realizaranse polo persoal propio das universidades de xeito xeral. Excepcionalmente, cando polas especiais características da actividade a realizar, a entidade poderá subcontratar ata un máximo do 50% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.



Será de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, segundo o cal enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e xustificación.

De conformidade co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 11 de decembro de 2025, ámbolos dous días inclusive.

Para poder proceder ao pagamento cada unha das universidades presentará a factura correspondente, así como a seguinte documentación:

1. Certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que ten sido concedida a axuda, de conformidade co establecido nos artigos 28 a 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1.1º Na certificación debe constar que os gastos deben estar pagados no período correspondente para ter a condición de subvencionables.

1.2º Cando as actividades teñan sido financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, acreditarase na certificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades.

2. Documentación acreditativa da conta de resultados, na que se detallen os gastos de



persoal e outros gastos derivados da realización do obxecto do convenio.

As actividades realizaranse por persoal propio das universidades, de xeito xeral, aínda que tamén se poderá contar con persoal externo.

3. Cadro de persoal adicado ao proxecto.

4. Memoria descritiva da actividade realizada, recollendo o cumprimento dos indicadores establecidos

En todo caso, o Servizo Galego de Saúde resérvase o dereito de solicitar tanta documentación consideren precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

5. Esta documentación presentarase ante o Servizo Galego de Saúde (Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria) con data límite do 18 de decembro de 2025.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria comprobará a acreditación do cumprimento e efectividade das condicións e requisitos determinantes para o outorgamento da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión dos fondos, con base na documentación presentada polas universidades.

Con base na indicada documentación, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria levará a cabo a comprobación da xustificación documental e emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións previstas no convenio.

O Servizo Galego de Saúde, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Dereitos de propiedade intelectual e industrial

A titularidade dos dereitos de propiedade industrial e intelectual dos resultados serán de uso compartido polas partes asinantes, no xeito que elas mesmas establezan de conformidade coa normativa aplicable na materia. As partes comprométense a colaborar, de



acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

NOVENA.- Comisión mixta paritaria

1. Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre o Servizo Galego de Saúde e as Universidades constituirase unha Comisión mixta paritaria para o seguinte e control do convenio:

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Asi mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio.

2. A súa composición será a seguinte:

- Tres representantes do Servizo Galego de Saúde, unha das cales será a persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, ou persoa en quen delegue, que presidirá as reunións da Comisión e terá voto de calidade en caso de empate.

- Unha persoa representante por cada unha das tres Universidades participantes, relacionada cos servizos de saúde e acompañamento psicolóxico ao estudiantado.

Actuará como persoa titular da secretaría unha das persoas representantes das universidades, por designación destas.

A totalidade dos integrantes desta Comisión de Seguimento terán dereito a voz e voto nas deliberacións e adopción de acordos.

4. A comisión terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 .f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público respecto das funcións do órgano de vixilancia e control as seguintes funcións:



- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades programadas.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.

Esta comisión reunirse, polo menos dúas veces durante a vixencia do convenio para avaliar a execución e resolver posibles incidencias, ou por solicitude de calquera das partes.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non podan ser resoltas no eido da Comisión Mixta Paritaria serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e producirá efectos até o 31 de decembro de 2025.

O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio e previo acordo das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución

Son causas de resolución deste convenio ademais das establecidas no artigo 51 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, as seguintes causas:

- A introdución de modificacións nas directrices dos programas a desenvolver sen contar coa previa autorización escrita da Administración sanitaria.
- A denuncia de calquera das partes asinantes, sempre que o notifique ás outras con dous meses de antelación a data de finalización da vixencia do convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais nos supostos que a contía supero o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.



DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO TERCEIRA.- Revogación e Reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para as universidades nas cláusulas deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Sanidade e o persoal das universidades que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderá exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- Réxime de infraccións e sancións.

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Publicidade

As universidades comprométense a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos, material de divulgación) como entornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude desde convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e consonte ás condicións e requisitos sinalados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que



se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

As partes asinantes outorgan o consentimento para que os datos persoais e calesquera outras especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

DECIMO OITAVA.- Protección de datos e Publicidade do convenio

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril d 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa



protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa sinatura.

A base lexitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter



absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de convenio e para os fins nel establecidos;
- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal ao seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;
- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, as partes asinan o presente convenio na data que consta na sinatura electrónica.

Polo Servizo Galego de Saúde	Pola Universidade de Santiago de Compostela	Pola Universidade de A Coruña	Pola Universidade de Vigo
Antonio Gómez Caamaño	Antonio López Díaz	Ricardo José Cao Abad	Manuel J Reigosa Roger



ANEXO – PLAN DE TRABALLO E INDICADORES

1. PLAN DE TRABALLO

Obxectivos xerais:

Colaborar en materia de acompañamento psicolóxico,
Desenvolver e implementar un protocolo común de acompañamento psicolóxico ao estudiantado universitario.

Accións previstas

1. Definición da entrada ós programas e intervencións.
2. Definición dos procedementos de coordinación cos recursos sanitarios e comunitarios
3. Formación do persoal implicado.
4. Deseño e implementación dunha campaña de comunicación e sensibilización dirixida ao estudiantado, para garantir o coñecemento e uso do servizo.
5. Avaliación periódica da implementación do protocolo, a través dunha comisión de seguimento que analizará os indicadores definidos e propondrá melloras continuas.

2. DEFINICIÓN DE INDICADORES

Os posibles indicadores poderán ser:

- Indicadores de actividade.
- Indicadores de derivación e coordinación co sistema sanitario.
- Indicadores de calidade e satisfacción.
- Indicadores de impacto.

3. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

A Comisión de seguimento reunirse para revisar os indicadores recollidos, propoñer melloras e actualizar, de ser preciso, o plan de traballo ou o protocolo.

